

ÁREA RE-CREATIVA

Contos de mouros e mouras (1)

Á memoria do meu amigo, Pepe, alias, señor Curro

Unha vez un mouro que vivía moi preto da fonte de Corvos onde as mulleres ían lavar a roupa e falar das cousas da aldea, achegouse para latricar con elas.

-Moito falades -dixo.

Elas ollaron e non viron a ninguén.

-Non ouvistes unha voz -dixo unha.

-Ouvimos -dixeron as outras-. Quen será?

-Son eu. Estadades cegas?

-Nós non te vemos. Quen es ti?

-Un mouro.

-Pero non te coñecemos. Desde onde nos falas, acaso es tan feo que non te queres deixar ver? -dixeron.

-Estou aquí no camiño, a carón da fonte, asomádevos -dixo o mouro.

E asomáronse.

-O demo me leve que es ben pequenote -dixo unha.

-Eu serei pequeno de corpo, pero ollade o que teño aquí.

Súpeto o mouro baixou os pantalóns e deixounas asombradas. As mulleres botaron a correr tras del tirándolle pedras e paus, pero como era pequenote escondeuse entre as herbas e deitouse nelas, aos poucos asomaba por riba das herbas un pau que semellaba coa cáscara mondada.

-A próxima vez heille pór unha bandeira na punta a ver se lles gusta máis -dixo.

E así foi que o mouro seguiu indo á fonte e sempre o escorrentaban. Unha vez pillárono e case o capan, doutra metérono na auga e case o afogan.

Eu pregunteille a unha muller se sabían como se chamaba o mouro e díxome que se chamaba Curro, pois cando

o escorrentaban saía dicindo: xa curro, xa curro, pero el talvez quería dicir: xa corro, xa corro.

Texto: Vicente Piñeiro González

Lugar da lenda: Fonte de Corvos, barrio de Castelo, concello de Lugo.